

Sr. Alcalde:

Vista a súa solicitude de acceso á información pública, resulta o seguinte:

Antecedentes

Único.- Solicita o acceso a seguinte información: “...Consultas ou queixas atendidas pola Valedora do Pobo ao longo do ano 2021. Así mesmo, ademais do número de expedientes tramitados, tamén solicitamos coñecer cantos deles foron iniciados a petición de particulares, cantos a petición de partidos políticos ou asociacións/entidades non gubernamentais, e cantos deles foron iniciados de oficio.

Fundamentos xurídicos

Único.- De conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia, entendéndose por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

Polo anterior **Resolvo:**

Proporcionar a información solicitada, que figura a continuación.

A Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedora do Pobo, sinala, no seu Título IV, Dos informes ó Parlamento, o seguinte:

Artigo 36 “1. O Valedor do Pobo dará conta anualmente ó Parlamento da xestión realizada nun informe que presentará ante o mesmo no período ordinario de sesións. 2. Cando a gravidade ou urxencia dos feitos o aconsellen, poderá presentar un informe extraordinario dirixido á Deputación Permanente do Parlamento se este non estivese reunido ou se encontrase disolto. 3. Os informes anuais e, no seu caso, os extraordinarios serán publicados”.

Artigo 37 “1. O Valedor do Pobo de Galicia no seu informe anual dará conta do número de tipos de queixas presentadas, daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o resultado da mesma, con especificación das suxerencias ou recomendacións admitidas pola Administración Pública Galega. 2. No informe non constarán datos persoais que permitan a pública identificación dos interesados no procedemento investigador, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da presente lei. 3. Nos casos especialmente graves, o Valedor do Pobo poderá destacar no seu informe anual a persistencia nunha actitude hostil ou entorpecedora ó seu labor de calquera Organismo, funcionario ou persoa ó servizo da Administración Pública, no seu ámbito de

competencias. 4. O informe conterá igualmente un anexo, destinado ó Parlamento de Galicia, no que se fará consta-la liquidación do presuposto da Institución no período que corresponda. 5. Un resume do informe será exposto oralmente polo Valedor do Pobo ante o Pleno do Parlamento”.

Os datos estatísticos anuais figuran nos informes xa publicados.

Os datos que vostede reclama son de 2021 e o Informe Anual aínda non se redactou, presentou no Parlamento de Galicia e publicou.

Porén, dos datos obrantes no sistema informático da institución despréndese:

Nº de expedientes (reclamantes): 10737

Nº de asuntos: 3936

Nº de queixas de oficio: 103

Non figura o dato dos expedientes promovidos por particulares, partidos políticos ou asociacións/entidades non gubernamentais, posto que o curso que se da ás queixas en cada un deses casos é o mesmo (a lexitimación é identifica en todos os casos citados), o que leva a non considerar o dato como relevante aos efectos estatísticos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co disposto no artigo 28.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.